

Resolución Reitoral da Universidade da Coruña pola que se dispón o inicio do expediente de Revisión de Oficio da convocatoria da praza 17/7011 (praza de profesor axudante doutor na área de Dereito do Traballo e da Seguridade Social) efectuada pola Resolución Reitoral do 26.09.2017

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. Por Resolución Reitoral do 26.09.2017 convocouse un concurso para a contratación laboral de persoal docente para a praza 17/7011, praza de profesor axudante doutor na área de Dereito do Traballo e da Seguridade Social

Segundo. Por Resolución do 09.11.2017 publícase a listaxe provisoria de persoas admitidas e excluídas no devandito proceso selectivo. Na dita listaxe figuran as Sras. Díaz de la Rosa e Munín Sánchez así como o Sr. Vizcaíno Ramos. Non constan reclamacións á listaxe provisional.

Terceiro. Por Resolución do 27.11.2017 publícase a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no devandito proceso selectivo (na dita listaxe figuran as Sras. Díaz de la Rosa e Munín Sánchez así como o Sr. Vizcaíno Ramos) e a composición da Comisión de Selección. Non constan reclamacións á listaxe definitiva.

Cuarto. O 11.12.2017 constitúese a Comisión de Selección. Tras a súa constitución, a Comisión fixa os criterios de avaliación.

Quinto. O 12.12.2017 réunese a Comisión de Selección, avalía as solicitudes presentadas polas persoas aspirantes e propón, por unanimidade, a adxudicación da praza ao Sr. Vizcaíno Ramos.

Sexto. A Sra. Munín Sánchez, tras acceder ao expediente administrativo, presenta no Rexistro Xeral da Universidade escritos de reclamación de datas: 19.12.2017 (rexistro de entrada núm. 101/4488), 20.12.2017 (rexistro de entrada núm. 101/4796), 20.12.2017 (rexistro de entrada núm. 101/4797) e 07.01.2018 (rexistro de entrada núm. 102/2).

Sétimo. A Comisión de Selección (o 05.01.2018) e o xefe do Servizo de Persoal Docente investigador (o 23.01.2018) emiten cadanseu informe sobre as alegacións presentadas pola reclamante.

Oitavo. O 24.01.2018 a Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente solicita informe á Asesoría Xurídica da Universidade (rexistro de entrada núm. 2018/0047) sobre: *"se as actuacións levadas a cabo no procedemento se axustan a dereito ou existe algún dos defectos alegados pola reclamante"*.

Noveno. O 26.01.2018 os servizos xurídicos da Universidade evacúan o traslado conferido (rexistro de saída núm. 2018/0050), concluindo que procede incoar un procedemento de revisión de oficio –artigo 106.1 Lei 39/2015- por concorrer na convocatoria da praza de referencia a causa de nulidade de pleno dereito prevista no artigo 47.1.a) da precitada norma en relación cos artigos 23.2 e 14 da Constitución.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeira. Mediante esta Resolución Reitoral se procede ao inicio do expediente de Revisión de Oficio da Resolución Reitoral do 26.09.2017 pola que se convocaban probas selectivas para a provisión da praza 17/7011 de profesor axudante doutor na área de Dereito do Traballo e da Seguridade Social.

Segunda. A competencia para ditar esta resolución corresponde, por delegación do Reitor da UDC, á persoa titular da Secretaría Xeral segundo dispoñen os seguintes preceptos: Art. 20.1 Lei Orgánica de Universidades 6/2001, do 20 decembro; Art. 36, 38 e 39 dos Estatutos da UDC, aprobados por Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26 de maio); e Art. 2.2.e) da Resolución Reitoral do 12.01.2016 pola que se establecen a estrutura orgánica dos servizos centrais da UDC e as competencias dos seus órganos directivos.

Terceiro. A convocatoria de referencia foi obxecto de publicación e alcanzou a fase de proposta provisional de asignación da praza.

No suposto que se examina, tras a valoración realizada pola Comisión de Selección, tense presentado unha

Código Seguro De Verificación	xeItD2Hr/YvcjEnKr67izw==		
Asinado Por	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Estado	Asinado
Observacións		Data e hora	06/02/2018 16:41:53
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/xeItD2Hr/YvcjEnKr67izw==		
		Páxina	1/4



reclamación contra a proposta de adxudicación provisional da praza. A reclamante (Sra. Munín) alega a incorrecta admisión no proceso selectivo do candidato proposto (Sr. Vizcaíno) por non cumprir os requisitos esixidos na convocatoria relativos "Doutor/a e licenciado/a en dereito ou diplomado/a en relacións laborais ou graduado/a ou equivalente".

A figura do profesor axudante doutor atópase regulada no artigo 50 Lei Orgánica de Universidades, LO 6/2001, do 21 de decembro, que establece:

"La contratación de Profesoras y Profesores Ayudantes Doctores se ajustará a las siguientes reglas:

a) El contrato se celebrará con doctores. La contratación exigirá la previa evaluación positiva de su actividad por parte de la Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación o del órgano de evaluación externa que la ley de la Comunidad Autónoma determine, y será mérito preferente la estancia del candidato en universidades o centros de investigación de reconocido prestigio, españoles o extranjeros, distintos de la universidad que lleve a cabo la contratación.

b) La finalidad del contrato será la de desarrollar tareas docentes y de investigación.

c) El contrato será de carácter temporal y con dedicación a tiempo completo.

d) La duración del contrato no podrá ser inferior a un año ni superior a cinco, pudiendo prorrogarse o renovarse si se hubiera concertado por duración inferior a la máxima, siempre que la duración total no exceda de los indicados cinco años. En cualquier caso, el tiempo total de duración conjunta entre esta figura contractual y la prevista en el artículo anterior, en la misma o distinta universidad, no podrá exceder de ocho años. Las situaciones de incapacidad temporal, maternidad y adopción o acogimiento durante el período de duración del contrato, interrumpirán su cómputo".

O artigo 5 do Decreto autonómico núm. 266/2002, do 6 de setembro, de contratación de profesorado universitario dispón que:

"Os profesores axudantes doutores serán contratados entre doutores que, durante polo menos dous anos, non tivesen relación contractual, estatutaria ou como bolseiros na universidade de que se trate, e acrediten ter realizado durante ese período tarefas docentes e/ou investigadoras en centros non vinculados a esta. Desenvolverán tarefas docentes e de investigación, con dedicación a tempo completo, por un máximo de catro anos improrrogables.

A contratación esixirá a previa avaliación positiva da súa actividade por parte da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación, nos termos previstos nas súas respectivas disposicións reguladoras ou calquera outro órgano de avaliación que leis doutras comunidades autónomas determinen, sempre que exista previo convenio ou concerto coa Comunidade Autónoma galega".

O punto 3 da Normativa da Universidade da Coruña pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral, aprobada polo Consello de Goberno o 30.04.2014, ao tratar os requisitos específicos de cada figura dispón:

"Para concursar a cada unha das categorías do persoal docente e investigador interino e contratado laboral, as persoas aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos no derradeiro día do prazo de presentación de solicitudes.

3.1 Requisitos de carácter xeral:

a) Ter cumprido os dezaioito anos e non ter cumprido a idade de xubilación

b) Estar en posesión do título académico esixido para cada figura. Caso de ter realizado os seus estudos fóra do Estado español, a titulación académica deberá estar homologada polo ministerio con competencias en educación. No caso de candidatos con títulos da Unión Europea, presentarán, quer a homologación, quer a credencial de recoñecemento dirixido ao exercicio da profesión de profesor de universidade.

c) Non padecer doenza ou discapacidade física ou psíquica que lle impida o desempeño das funcións

Código Seguro De Verificación	xeItD2Hr/YvcjEnKr67izw==			Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano			Asinado	06/02/2018 16:41:53
Observacións				Páxina	2/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/xeItD2Hr/YvcjEnKr67izw==				



- d) Non ter sido separado/a do servizo, nin inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas. Así mesmo, o desempeño das prazas convocadas ficará sometido á Lei 53/1984, do 26 de decembro, e ás normas de desenvolvemento, en materia de incompatibilidades
- e) As persoas aspirantes de nacionalidade estranxeira non poderán estar sometidas a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu estado, o acceso á Función Pública

Os requisitos c), d) i e) deberán ser acreditados no acto de sinatura do contrato.

3.2. Profesor/a axudante doutor/a:

- *Estar en posesión do título de doutor/a.*
- *Avaliación previa positiva para a categoría de axudante doutor/a da súa actividade por parte da Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación (ANECA), da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) ou, de ser o caso, outro órgano de avaliación que leis doutras comunidades autónomas determinaren, sempre que exista convenio ou concerto previo coa Comunidade Autónoma de Galicia*

E o artigo 14 do Convenio do persoal docente investigador das Universidades integrantes do Sistema Universitario Galego, publicado no DOG núm. 74 do 14.04.2011, establece que: "A contratación de profesores axudantes doutores axustarase ás seguintes regras:

a) O contrato realizarase con doutores. A contratación exixirá a avaliación previa positiva da súa actividade por parte da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANECA), nos termos previstos nas súas respectivas disposicións reguladoras ou calquera outro órgano de avaliación que leis doutras comunidades autónomas determinen, sempre que exista previo convenio ou concerto coa Comunidade Autónoma galega. Será mérito preferente a estadia do candidato en universidades ou centros de investigación de recoñecido prestixio, distintos da universidade que leve a cabo a contratación.

b) A finalidade do contrato será a de desenvolver tarefas docentes e de investigación.

c) O contrato de profesor axudante doutor será de carácter temporal e con dedicación a tempo completo. A súa duración non poderá ser inferior a un ano nin superior a cinco, e poderá prorrogarse ou renovarse se fose concertado por unha duración inferior á máxima, sempre que a duración total non exceda os cinco anos. En calquera caso, o tempo total de duración conxunta dos contratos de axudante e de profesor axudante doutor na mesma ou en distinta universidade, non poderá exceder os oito anos".

Do exposto resulta que para a contratación dun profesor axudante doutor a Universidade só pode esixir que a persoa aspirante estea en posesión do título de doutor (por ser a titulación académica esixida para esa figura) e que conte coa avaliación positiva da Axencia de avaliación da calidade correspondente.

Cuarto. Na convocatoria examinada, se ben no punto 2.2 "Requisitos específicos para a figura de profesor/a axudante doutor/a" so fai referencia a: *estar en posesión do título de doutor e a avaliación previa positiva para a categoría de axudante doutor/a da súa actividade por parte da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) ou, de ser o caso, outro órgano de avaliación que leis doutras Comunidades Autónomas determinaren, sempre que exista convenio ou concerto previo coa Comunidade Autónoma de Galicia*, no Anexo II, onde consta a praza ofertada figura un apartado que, baixo a rúbrica "titulación esixida", reza: "Doutor/a e licenciado/a en dereito ou diplomado/a en relacións laborais ou graduado/a ou equivalente".

Tal esixencia (acumulativa á de estar en posesión do título de doutor) relativa a se atopar en posesión dunha licenciatura/grao/diplomatura concretas excede os límites permitidos pola normativa reguladora precitada conculcándoa ao impedir o acceso á función pública en condicións de igualdade e resultando amais restritiva da concorrência competitiva á que por imperativo legal sométense este tipo de procesos selectivos.

Ao exposto cómpre engadir que a precitada esixencia de se atoparen en posesión as persoas aspirantes dunha titulación concreta –con exclusión de todas as restantes titulacións– ademais de contravir a lei resulta contraria á xurisprudencia. Así unha análise da xurisprudencia do Tribunal Supremo revela unha clara e consolidada

Código Seguro De Verificación	xeItD2Hr/YvcjEnKr67izw==			Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano			Asinado	06/02/2018 16:41:53
Observacións				Páxina	3/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/xeItD2Hr/YvcjEnKr67izw==				



tendencia a que sobre o principio da exclusividade e do monopolio competencial prevaleza o principio de liberdade de acceso á función pública con idoneidade, consideracións que resultan igualmente subscritas na polo Tribunal Constitucional.

As precedentes consideracións permiten concluír que concorre na convocatoria da praza 17/7011 a causa de nulidade de pleno dereito prevista no artigo 47.1.a) da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP) relativa a aqueles actos das administracións públicas que lesionen dereitos ou liberdades susceptibles de amparo constitucional, caso do artigo 23.2 da vixente Constitución que garante o dereito a acceder en condicións de igualdade ás funcións e cargos públicos cos requisitos que sinalen as leis así como do artigo 14 da Constitución, xa que se materializa unha discriminación carente de xustificación obxectiva.

Para o efecto o artigo 106.1 LPACAP dispón que *“Las Administraciones Públicas, en cualquier momento, por iniciativa propia o a solicitud de interesado, y previo dictamen favorable del Consejo de Estado u órgano consultivo equivalente de la Comunidad Autónoma, si lo hubiere, declararán de oficio la nulidad de los actos administrativos que hayan puesto fin a la vía administrativa o que no hayan sido recurridos en plazo, en los supuestos previstos en el artículo 47.1”*. Á vista do que antecede cómpre necesariamente acudir ao procedemento de revisión de oficio

Tendo en conta o exposto, procede dispoñer a suspensión do procedemento selectivo da praza 17/7011 convocado pola Resolución xa citada do 26.09.2017 ate o remate deste procedemento de revisión de oficio. Igualmente, ao se adoptar a Resolución definitiva de declaración de nulidade de pleno dereito, procederá a devolución das taxas aínda non devoltas aos interesados.

Quinto. De conformidade co disposto polo artigo 45.1 LPACAP, ao se tratar dun procedemento de concorrencia competitiva no que existen unha pluralidade de interesados, procede a publicación desta Resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónico/páxina web da UDC ao abeiro das previsións contidas no artigo 82 LPACAP.

Á vista do exposto **RESOLVO**

1º. Incoar expediente de revisión de oficio da praza 17/7011, praza de profesor axudante doutor na área de Dereito do Traballo e da Seguridade Social, efectuada por Resolución Reitoral do 26.09.2017, dispoñendo a suspensión do procedemento ate o remate deste procedemento de revisión de oficio.

2º. Publicar esta Resolución na Web da UDC (taboleiro virtual, artigo 13 do Regulamento de creación e ordenación da sede electrónica da Universidade da Coruña aprobado polo Consello de Goberno o 27.06.2012)

3º. Conferir aos interesados un prazo de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación desta resolución aos efectos de que presenten as alegacións que consideren oportunas.

A Coruña, a 6 de febreiro de 2018

O Reitor

PD: O Secretario Xeral -artigo 2.2.e) da resolución reitoral do 12.01.2016-

Carlos Aymerich Cano

CC/ Angélica Díaz de la Rosa
Lara Munín Sánchez
Iván Vizcaíno Ramos
Departamento de Dereito Público
Vicerreitorado de Profesorado e Planificación
Docente

Código Seguro De Verificación	xeItD2Hr/YvcjEnKr67izw==			Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano			Asinado	06/02/2018 16:41:53
Observacións				Páxina	4/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/xeItD2Hr/YvcjEnKr67izw==				

